

O concello deberá aprobar un plan de saneamento das finanzas

Melide pecha a liquidación do 2005 con resultado negativo por segundo ano

O concello de Melide pechou o exercicio do 2005 cun resultado negativo por segundo ano consecutivo. Segundo fontes do BNG, a débeda municipal sitúase en 1.342.540 euros, distribuídos en tres préstamos bancarios.

O exercizo pasado pechouse en Melide cun remanente de tesourería para gastos xerais de -1.539.487 euros, unha cantidade moi superior á do exercizo anterior, que

tamén resultara negativa. O aforro neto co que o municipio pechou as contas do 2005 foi tamén negativo, e superior aos 120.000 euros. Segundo os nacionalistas melidenses, o concello deberá aprobar agora un Plan de Saneamento e un Plan Económico-Financeiro que permitan solucionar a situación na que se atopan as arcas municipais. Esta medida ten como obxectivo que se corrixa o problema en menos de tres anos. **P5**

A Xunta rexeita o Plan Xeral de Ordenación de Toques, que se deberá revisar

A consellería de Política Territorial detectou deficiencias no Plan, polo que decidiu remitilo de novo ao Concello para que se subsanen e corrixan as súas deficiencias e erros **P9**



A Foliada chegou os sons da terra a Melide

A segunda edición da Foliada de Melide chegou á vila a preto dun cento de músicos que interpretaron numerosos temas polas rúas melidás e no Pazo de Congressos. Ao longo de todo o día sucedéronse as actividades

enmarcadas dentro da Foliada. Xa pola noite o serán xuntou a oito formacións que actuaron ata ben entrada a noite, e que deron paso a un serán aberto no que se sumaron músicos chegados de toda Galicia **P15**

O concello de Santiso aproba un orzamento de 1.083.084 euros para 2006

O municipio aprobou os orzamentos para este ano cos votos a favor do grupo de goberno e a negativa da oposición. Un tercio do orzamento desitnase a investimentos reais que Ovidio Leiva pediu que revirtan no concello. **P8**

O concelleiro nacionalista melicense, Xesús Pereira, foi nomeado novo xerente de Turgalicia, unha sociedade pública da Xunta de Galicia **P8**

Editorial

As contas

En tódalas casas de cando en cando botamos unha ollada atrás e facemos un pequeno balance da situación da nosa economía. Isto ocorre nas casas, nos negocios, nas asociacións como a nosa, e, por suposto, nas institucións. Hai algúns días chegaba aos nosos oídos que o concello de Melide cerrara o exercicio 2005 cunhas contas pouco favorecedoras. A liquidación do exercizo pasado foi negativa por segundo ano consecutivo, e isto obrigará ao municipio a pór en marcha un plan de saneamento económico e financeiro que tente paliar eses ratios negativos e sanee as contas do concello, que ao fin e ao cabo, non son máis cás contas da casa de tódolos veciños.

O noso Concello arrastra unha forte débeda á que tarde ou cedo haberá que facer fronte, e mellor, que sexa cedo. O déficit municipal é elevado, e polo tanto, hai que buscar solucións á situación.

Melide, a día de hoxe, ten unha débeda de máis de un millón trescentos mil euros, repartidos en tres préstamos, un dos cales foi asinado este mesmo

ano por valor de preto de trescentos mil euros.

O remanente da tesourería municipal para gastos xerais foi de menos un millón cincocentos mil euros, unha cifra que case duplica á do ano pasado, que superaba os oitocentos mil euros. Con estes datos negativos non imos a ningures, e agora é o momento de elixir solucións. As posibilidades estipuladas por lei abranguen solicitar un novo préstamo por esa cuantía de un millón cincocentos mil euros, reducir esa mesma cantidade nos gastos dos orzamentos para este exercizo, ou ben partir dun superavit inicial de dita cuantía nos orzamentos para o 2006. É o momento de facer a elección, e esperemos que se faga a máis axeitada.

Outro ratio que non loubamos os resultados do ano pasado é o referido á diferenza entre os ingresos e os gastos correntes liquidados máis o custe da débeda bancaria. O aforro neto foi de menos cento vintemil euros, ou o que é o mesmo, os ingresos do concello non chegan para pagar os gastos correntes máis os

que se derivan dos préstamos bancarios. Aínda que este dato non deixa de ser negativo, alomenos sabemos que se reduciu substancialmente respecto ao ano anterior; pero esta redución non é suficiente.

Os nosos gobernantes teñen que tomar as rendas dunha vez e buscar solucións efectivas e correctas que permitan solucionar a problemática económica do noso municipio. Se Melide quere mirar ao futuro con certa tranquilidade, é preciso que se saneen as súas finanzas. Os recursos do Concello son os recursos de todos os contribuíntes, son resultado dos impostos que cada melidense paga relixiosamente, e cos cartos públicos non se xoga.

É difícil sanear contas que xa veñen viciadas de tempo atrás. É unha labours árdua, pero que hai que facer. Sabemos que é difícil pagar o que ven de atrás máis gardar para o que se precisa día a día, pero se non se atopa en breve unha solución, chegará un punto no que as finanzas municipais entren nunha espiral da que entón sí será difícil saír.

Tribuna de opinión

David vs. Goliath

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Estos días diversos colectivos, sindicatos e organismos están a debater en foros e xuntanzas sobre algo que semella se nos ven enriba: o centro comercial As Cancelas.

A posibilidade de que se poña en marcha en Compostela a gran área comercial está revolucionando o comercio local das zonas de influencia de Santiago, e, a tenor dos datos que se barallan e dos cálculos, non é para menos. O pequeno comercio podería sufrir unha última estocada mortal se finalmente o centro comercial da zona das Cancelas abre as súas portas.

Nós, dende ASETEM-CCA participamos nas campañas de apoio que se están a organizar a favor do pequeno comercio e en contra da apertura da área comercial. Sabemos moi ben que é difícil que as nosas reivindicacións cheguen a bo porto, pero, cando menos, temos que tentalo.

No caso de Melide, por cuestións xeográficas, deberíamos ser un punto de atracción comercial. Estamos no cerne de Galicia, e polo tanto nunha ubicación privilexiada. Pero, fronte a esa teórica situación de favoritismo, atopámonos con que a realidade é xustamente a contraria. O comercio de Melide é carne de cañón de Santiago, Lalín, A Coruña e Lugo. As áreas comerciais destes lugares copan clientes a costa de localidades como Melide. Será ademais nun momento no que os pequenos establecementos melidenses están a atravesar unha situación difícil e se atopan sós. Os cargos con responsabilidades están a darlles as costas aos pequenos comerciantes, tanto nas grandes cidades coma nos pequenos pobos como o noso. Agochan intereses e esquécense da xente á que están obrigados a defender.

Como representante de ASETEM-CCA defenderei os intereses dos nosos comerciantes e empresarios. Neste caso, manifestándonos en contra do centro comercial proxectado para Santiago. Se, nun suposto, ese centro se proxectara para Melide, por suposto que me manifestaría a favor del, porque iso conlevaría para o pobo visitas de xente de fóra da comarca que repercutiría no pequeno comercio. Pero, iso é só un suposto.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fociños, Vanessa Martínez, Ángel Curtis, Brinquedia.

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Para anunciarse en
Cerne só ten que
chamar ao
981.506.188

Chame e infórmese sen compromiso
das nosas tarifas

As cifras negativas do Concello

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

Rematado o ano 2005, chega a hora de facer contas no Concello e presentar a liquidación dese ano. Así, no último Pleno soubemos que a liquidación do 2005 foi bastante peor que a do 2004. O resultado negativo é de -1.539.487,19 . É dicir, o noso Concello, gobernado por brillantes xestores do PP, gastou un millón e medio de euros máis do que ingresou no 2005, o cal indica que os ingresos municipais foron insuficientes para pagar os gastos e os préstamos bancarios.

Iso sen esquecer que temos que pagar durante os próximos 20 anos unha débeda

bancaria de 1.342.540,70 . A mesma Interventora municipal di no seu informe que hai que reducir e controlar os gastos municipais. Parécenos ben a idea pero, desgraciadamente, a alcaldesa engánase de partida orzamentaria cando aplica o consello da interventora. Senón, que nos explique os motivos polos que neste ano 2006, suprimiu os 3.000 euros para axudas de libros escolares, cando gastou o ano pasado máis de 2.500 euros nun xantar para a chamada Orde de damas e cabaleiros do Camiño de Santiago, que nada traen nin aportan a este Concello. Parece mentira

que, cando se pretende aforrar, lle quiten cartos á educación dos nosos fillos; para gastalos en xantares, estrelas, placas de bronce, capas e sombreiros.

Tamén chama a atención que o Concello gaste case medio millón de pesetas nunha chea para esa estraña Orde; e, pola contra, despache con axudas de só 100 euros para todo un ano o apoio ás actividades de varias asociacións culturais e deportivas melidenses que fan un importante traballo social no noso municipio. Ese é o estraño criterio que teñen os nosos gobernantes á hora de repartir os cartos públicos.

O PXOM

GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DE MELIDE

Fai aproximadamente 4 meses íamos ter a disposición de tódolos melidenses o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, para cuxa elaboración se aprobou na Xunta de Goberno Local un presuposto de 225.000 (case 38.000.000 de pesetas). A pregunta deste grupo municipal á alcaldesa no pasado pleno sobre cómo estaba a elaboración responde que "estamos neso", sen ter máis noticias del, en calquer caso non é extraño porque os grupos municipais da oposición somos os últimos en recibir calquer noticia de asuntos que antigan ó concello, non

porque non a pidamos senón porque non se facilita nen se nos fai partícipes deles, cando representamos case á metade dos veciños de Melide.

Como moitos recordaremos no mes de marzo do pasado ano, nunha reunión celebrada no edificio multiusos tanto a alcaldesa como a empresa redactora do plan prevían que no mes de decembro de 2005 vería a luz, estamos en maio e o plan aínda non o vemos. Todos sabemos que elaborar un PXOM non é doado, e que pode ter uns costes políticos que se tratan de evitar a toda costa, porque non se pode negar que non

vai contentar a todos, por isto facémonos a seguinte pregunta ¿estará o PXOM xa elaborado pero dados os trámites legais ós que se ten que someter (Consellería de Ordenación do Territorio, Consellerías de Medio Ambiente e outros organismos sectoriais) e o tempo que iso leva, metémonos xa en precampaña municipal para a súa aprobación e pode resultar politicamente non rentable para o equipo de goberno?. Non é ser mal pensados pero ante tanto oscurantismo sobre o tema algo da que pensar. ¿Ou non?. Cada cual que saque a súa conclusión.

Espazo reservado para o Partido Popular

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas e agardamos que en vindeiras edicións teñana a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar esta espazo, e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vial para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se están a suceder no municipio.

Ata entón, pedimos desculpas aos lectores de Cerne.

Cerne. Terra de Melide.



CONFECCIONES
Adolfo Alvarez
Melide



Joyería
Oro Ley
Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

Vázquez di que "estamos en eso" en referencia ao PXOM melidense

Redacción. | Melide

O pleno no que se aprobou a RPT de Melide finalizou cunha pregunta da concelleira socialista referida á situación na que se atopan os traballos do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Melide.

Á cuestión plantexada pola edil, a alcaldesa Ánxeles Vázquez respostou que "estamos en eso". Os grupos da oposición xa manifestaron reiteradamente nos últimos meses a súa preocupación polo momento no que se atopa o procedemento relativo ao Plan Xeral de Melide. Tanto BNG como PSOE voltaron a demandar información.

CONSTRUCCIÓN

O campo de Fútbol de Toques recibe unha mención de honra nunha bienal de arquitectura

O campo de fútbol de Toques, deseñado polo estudio de Patricia Sabín e Enrique M. Blanco, e construído pola empresa Melidense Química Industrial Proquintas S.A. recibiu unha mención na Bienal Bárbara Cappochin. A edificación, construída entre xuño de 2002 e xuño de 2003 e financiada pola Deputación de A Coruña recibiu a mención na categoría deportiva. Os membros do xurado loubaron o limitado repertorio de materiais e as sensacións que evoca o edificio, pouco habituais neste tipo de construcións.

A obra contou cun orzamento de 315.262 euros a cargo da entidade provincial.

O edil do BNG iniciará estes días a súa nova tarefa

Xesús Pereira, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego de Melide, novo xerente de Turgalicia

L.G.C. | Melide

Xesús Pereira, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego de Melide incorporase estes días ao seu novo cargo como xerente de Turgalicia. O pasado 19 de abril fíxose público o nomeamento de Pereira como máximo responsable de Turgalicia. Este é o último alto cargo dependente da consellería de Innovación e Industria que lle quedaba por nomear a Fernando Blanco, titular do departamento da Xunta.

Xesús Pereira naceu en 1970 en Santiso, concello no que representou ao BNG antes de pasar a formar parte da corporación melidense. O novo xerente de Turgalicia é doutor en Económicas pola Universidade de Santiago

de Compostela, e profesor de Economía Cuantitativa no campus de Lugo. Ata o de agora as súas investigacións centráronse no mundo do turismo, un sector ao que continuará moi vencellado no seu novo posto.

Pereira incorporárase ao seu cargo estes días. O ata agora concelleiro nacionalista na corporación de Melide aínda non ten moi claro se continuará coa súa laboura como edil, xa que están estudando a compatibilidade dos dous cargos. En calquera caso, Pereira ten claro que "se eu non podo seguir, hai xente de sobra cualificada para ocupar o posto".

Turgalicia

A entidade da que se responsabilizará agora Xesús



Pereira é un dos concelleiros do BNG melidense

Pereira é unha sociedade anónima de capital público constituída coa finalia-

de de promover o turismo de Galicia e xestionar a súa imaxe.

A Asociación de Troiteiros Río Furelos denuncia a aparición de pintadas en contra do colectivo

Redacción
Melide

A Asociación de Troiteiros Río Furelos presentou o pasado 17 de abril unha denuncia ante a Garda Civil pola aparición de varias pintadas contra o colectivo en distintos puntos de Melide. Os vestiarios da praia fluvial de Furelos así como os laterais dunha das naves da feira de gando apareceron con pintadas en contra do colectivo, e que foron feitas entre os días 11 e 13. Nos textos das pintadas facíase referencia ao colectivo de troiteiros así como ao propio coto de Furelos. Xavier Pazo da asociación de troiterios cré que se trata dun acto vandálico por culpa da política de cotos á hora de pescar na área vedada de Furelos. A pesca no coto



Os vestiarios da praia fluvial de Furelos foron pintados ao igual có entorno da feira de gado

está limitada a un máximo de seis permisos durante a semana e quince as fins de semana. Esta limitación veu establecida dende instancias superiores e foille imposta aos distintos

colectivos como a Asociación Río Furelos, que se limita a acatar a normativa. Xavier Pazo cré que ese é precisamente o malentendido que conlevoou as pintadas.

Amáis da presentación da correspondente denuncia perante a Garda Civil a Asociación tamén enviou un escrito ao Concello para informalo do sucedido.

O remanente da tesourería para gastos xerais foi de -1.539.487

Melide pecha o exercizo 2005 cunha liquidación negativa por segundo ano consecutivo

O aforro neto o ano pasado situouse en -120.034 euros

Redacción
Melide

O pleno da corporación melidense do pasado abril serviu, entre outras cousas, para dar a coñecer a Liquidación dos Orzamentos do 2005. O concello pechou o ano cunha liquidación de -1.539.487,19 euros. Este dato negativo obriga por lei a que se elabora un Plan Económico e Financeiro así como un Plan de Saneamento que buscará reducir o déficit e corrixir o desequilibrio patrimonial existente.

Segundo informou o Bloque Nacionalista Galego, a débeda municipal sitúase neste intre en 1.342.540,70 euros que se distribúen en tres préstamos bancarios.

Remanente

O concello pechou o pasado exercizo cun remanente de tesourería para gastos xerais de -1.539.487,19 euros. Esta cifra resulta moito máis preocupante cá do exercicio 2004 ao incrementarse en preto do dobre o remanente negativo, que o ano pasado se situaba nos -852.966,32 euros.



O grupo de goberno aprobou un orzamento para 2006 cualificado como "austero"

As consecuencias inmediatas deste resultado negativo obrigarán ao Concello a elixir na vindeira sesión plenaria unha estratexia que leve ao concello a resolver esta situación. O goberno municipal poderá optar por unha redución de gastos nos orzamentos de 2006 por unha cuantía igual ao importe, é dicir, reducir os gastos en 1.539.487,19 euros. Outra opción comprendida na Lei de Facendas Locais é a de solicitar un novo préstamo

por ese importe, ou ben aprobar uns orzamentos para o 2006 cun superavit inicial de, como mínimo, esa cuantía.

Aforro neto negativo

Ao igual que ocorrera co exercizo do ano 2004, os ingresos municipais foron no 2005 insuficientes para pagar os gastos correntes e os derivados dos préstamos bancarios. O Concello pechou o pasado exercizo cun aforro neto de -120.034,25 euros. Nembargantes, este aforro

neto negativo reduciuse respecto ao ano anterior, que se pechara cun dato negativo de 453.901 euros.

Esta diferenza negativa entre os ingresos e os gastos correntes liquidados máis o custe da débeda bancaria obrigan por lei ao concello de Melide a aprobar un Plan de Saneamento das súas finanzas. Esta medida ten como obxectivo que nun prazo non superior a tres anos se corrixa esta situación.

O concello deberá aprobar un Plan Económico- Financeiro e un de Saneamento

Os resultados negativos da liquidación do 2005 que deixan ver a capacidade de financiamento negativa do municipio obrigará a Melide a aprobar un Plan Económico- Financeiro que corrixa tal situación, e que deberá aprobarse nun prazo máximo de tres meses.

O feito de ter unha liqui-

dación de -1.539.487,19 euros obrigará ao concello a alabarar así mesmo un Plan de Saneamento.

Estas dúas medidas teñen como obxectivo reducir o déficit municipal así como corrixir o forte desequilibrio patrimonial existente, e que e da por segundo ano consecutivo.

O BNG pide a aprobación das medidas precisas para reducir a débeda bancaria

O Bloque Nacionalista Galego de Melide considera necesario e urgente a aprobación dun Plan de Saneamento económico- financeiro que reduza a actual débeda bancaria de 1.342.540,70 euros.

O grupo nacionalista considera grave a situación e achácaa á "nefasta xestión dos gobernos do PP, espe-

cialmente na etapa presidida por Miguel Pampín". A portavoz do BNG en Melide, Socorro Cea, cré que os resultados "da xestión económica do PP en Melide son evidentes: un concello fortemente endebedado que gasta irresponsablemente moito máis do que ingresa", lembrou Cea.

Intervención reitera que é precisa unha política de redución e control de gatos

O informe da interventora municipal no que respecta á liquidación do exercizo 2005, asinado o 21 de febreiro, redunda tamén na idea de que o concello de Melide debe levar a cabo unha política de contención. Segundo consta no informe do departamento, "á vista da liquidación resultante, reitérase e necesidade de levar a cabo unha política de redución e control exhaustivo dos gastos municipais". A análise da interventora municipal recolle tamén que ese control exhaustivo se debe estender ao "control e supervisión da recadación dos ingresos, sendo necesario o cumprimento da normativa de aplicación".

Orzamento 2006

No pleno de xaneiro no que se aprobou o orzamento para o exercizo 2006 a alcaldesa Ánxeles Vázquez cualificou o orzamento como "responsable e austero" e marcou a contención de gastos como o obxectivo a seguir, sempre e cando se manteñan os servizos que ata o de agora viñan desfrutando os veciños.

Cómpre lembrar que o orzamento municipal para este ano ascende a case 5,3 millóns de euros. Segundo o aprobado no pleno de xaneiro, do orzamento total sacado adiante polo grupo de goberno cos votos en contra de BNG e PSOE, o investimento real ascenderá a máis de 830.000 euros ao longo deste ano, un 15,7% que non satisface á oposición.

A Deputación destina 24.000 euros aos concellos da zona integrados no GAL

Redacción
Melide

A Deputación da Coruña ven de integrarse no Grupo de Acción Local Portodemouros, no que están xa integrados os catro concellos da comarca. A participación da Deputación conleva o apoio do organismo provincial aos concellos coruñeses integrados no GAL Portodemouros por medio dunha axuda de 66.000 euros, 6.000 para cada un dos municipios.

Na asemblea do GAL Portodemouros celebrada o pasado 26 de abril na que a Deputación pasou a integrarse oficialmente no grupo nomeouse á concelleira do BNG melidense Socorro Cea representante do ente provincial neste Grupo de Acción Local.

Amáis do GAL Portodemouros, a Deputación está a integrarse nun total de 10 grupos de acción local de toda a provincia de A Coruña.

O municipio terá este ano 97 traballadores dos que 27 son funcionarios Máis do 30% do orzamento de Melide para o 2006 destinarase a cubrir os gastos de persoal

En cinco anos incrementouse en 23 persoas a lista de persoal do concello

Redacción
Melide

O concello de Melide destinará este ano máis de 1.738.000 euros a cubrir gastos de persoal do concello. No pleno do pasado xaneiro aprobouse o orzamento municipal para 2006, que ascende a 5,3 millóns de euros dos cales o 32,8% corresponde ao capítulo de persoal, segundo informou o BNG. No seu día tanto BNG como PSOE amosaron o seu desacordo coas distintas partidas orzamentarias por entender que se adica unha porcentaxe mínima (o 15,7%) a investimentos reais, mentras o capítulo de persoal copa preto dun tercio do total, unha situación que o grupo nacionalista cualificou como "preocupante".

Pola súa parte a alcaldesa Ánxeles Vázquez xustificou esta disparidade nas



Preto de cen persoas traballarán no concello en 2006

partidas en que o concello levaba varios exercicios realizando un importante esforzo inversor en obras como o pavillón e o cemiterio, e na intención do grupo de goberno de facer un esforzo na "contención de gasto".

A parte do orzamento do exercicio 2006 destinada a gastos de persoal está pensada dacordo co número de traballadores cos que o

concello contará este ano. Entre funcionarios e persoal laboral temporal e fixo Melide chegará en 2006 a 97 traballadores, 23 máis ca no 2001, e contando as cinco prazas convocadas polo concello o pasado febreiro. En total trátase de 27 funcionarios, 17 laborais fixos e 53 laborais temporais. No ano 2001 o municipio contaba con 16 funcionarios,

8 laborais fixos e 50 temporais, 23 traballadores menos.

Dentro do cadro de persoal do concello non están contabilizados os traballadores que cubren o servizo da auga nin o do lixo, xa que se trata de competencias que realizan empresas privadas, e polo tanto o concello non ten ningún traballador nestes servizos básicos.

TRIBUNA ABERTA

Falemos da autovía

Plataforma Autovía Por Melide

"Xamáis utilizarei a autovía como unha baza electoral" Declaracións de Ánxeles Vázquez ao xornal La Voz de Galicia e publicadas o pasado 29 de abril.

¿Sabe por qué non utilizará a autovía como baza electoral? Porque non pode. O Partido Popular no concello de Melide, xa estando Miguel Pampín

como alcalde e vostede formando parte da corporación, e portavoz do PP no concello, nunca loitaron pola autovía. Máis ben, loitaron para que non pasase preto do noso pobo.

¿Non recorda vostede cando o seu compañeiro do PP Miguel Pampín, entón alcalde do noso pobo, dicía que era mellor

que non pasase a autovía preto de Melide porque nos perxudicaba moito?

¿Non recorda vostede cando os membros da Plataforma Autovía por Melide foron investidos por un coche do concello cando colocaban carteis reivindicando a autovía por Melide?

¿Non recorda vostede

cando os membros da Plataforma Autovía por Melide solicitaron aunciar en Radio Melide unhas charlas informativas sobre a autovía e vostede negouse a que foran aunciadas?

¿Non recorda vostede cando nunha asemblea da Plataforma Autovía por Melide vostede nos dixo que só se preocupaba de cousas importantes, que

isto para vostede non era importante?

¿Non recorda todo isto señora alcaldesa? Pois faga memoria, e despois de recordar, ten vostede que chegar á conclusión que non pode usar como baza electoral a autovía porque vostede e o seu partido pola autovía fixéron moi poucas cousas, por non dicir ningunha.

Prado cualificou de erro non ter convocado a comisión negociadora O goberno melidense aproba a Relación de postos de Traballo coa oposición de BNG e PSOE

Vázquez afirma que coa relación se tenta mellorar a situación dos empregados

Redacción
Melide

O pasado sete de abril o pleno do concello de Melide celebrou unha xuntanza extraordinaria na que se tratou fundamentalmente unha cuestión: a aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello, xa debatida con anterioridade.

A Relación de Postos de Traballo do concello saíu adiante cos votos a favor do grupo de goberno e coa negativa da oposición. A alcaldesa Ánxeles Vázquez defendeu a aprobación da RPT ao definila como un “instrumento de ordenación do persoal co que se pretende mellorar a situación dos traballadores cun organigrama delimitado e detallado”. Pola contra, BNG e PSOE coincidiron á hora de lembrar que non se constituíra a mesa xeral de negociación. O voceiro socialista, Manuel Prado calificou de “erro” non ter convocado a comisión negociadora, ao tempo que lembrou que se podía chegar a impugnar a RPT a causa disto. Vázquez respostoulle a Prado que o primeiro que se fixera unha vez tido o



O disporá da RPT en galego logo da reclamación da edil nacionalista

proxecto, fora comunicalo aos sindicatos e publicalo no taboleiro, dandolle a traballadores e funcionarios a pobilidade de presentar alegacións. A alcaldesa lembrou tamén que todo o persoal laboral e os funcionarios do concello foran recibidos para explicar cada caso.

Soqui Cea mantivo que esa medida non era suficiente, xa que primeiramente, “non é o mesmo consultar ca negociar”, en referencia ao papel dos sindicatos. Así mesmo, a

portavoz nacionalista fixo fincapé en que “que cada traballador pase a ver a súa ficha non é suficiente, posto que se non podes ver todas as fichas en conxunto, ti non sabes se recibiches un trato xusto”. A voceira do BNG no concello de Melide voltou calificar de “discriminatoria e inxusta” a RPT.

Espera

Outro dos puntos nos que o BNG baseou o seu voto contrario á RPT foi polo período de tempo transco-

rrido entre un e outro paso. Segundo Cea, os traballadores do concello tiveron que pasar a relación das súas funcións o 20 de xullo, pero non souberon nada máis ata o 21 de decembro.

Os nacionalistas criticaron tamén que a redacción da RPT, encargada a Omega de Economía, esté en castelán, cando Melide ten unha ordenanza de normalización lingüística. Respecto disto, Vázquez xa anunciou que se traduciría ao galego.

Nacionalistas e socialistas ven agravio comparativo no reparto de complementos

Un dos pilares nos que BNG e PSOE fundamentaron a súa negativa á RPT de Melide foi no referente ao reparto de complementos específicos. O voceiro do PSOE, Manuel Prado calificou de “agravio comparativo” o reparto dos complementos. Só tres funcionarios do concello non recibirán ningún tipo de complemento específico ao non creerse que a súa labor teña “dificultade técnica”, un argumento que non convenceu á oposición. A voceira nacionalista Soqui Cea lembrou que o informe de Omega de Economía di que non todos os postos teñen por qué ter complementos, “pero o que non di son as razóns polas que esas persoas non os teñen”.

Pola súa banda, Ánxeles Vázquez lembrou que a RPT “non é para toda a vida, e que se pode cambiar”. A alcaldesa insistiu en que existe tamén unha limitación orzamentaria, e que en vindeiros exercicios se tentaría “mellorar a situación, pero partindo dese límite nos orzamentos”.

José Manuel Mosquera Garea, novo xuíz de paz de Melide

O pleno do pasado abril serviu tamén para designar o novo titular do xulgado de paz de Melide. Para a praza presentáronse só dous candidatos, entre os que o grupo municipal de goberno propuxo a Mosquera Garea.

Tanto PSOE como BNG abstivéronse á hora de votar, se ben recalcaron que a súa abstención res-

postaba a discrepancias co proceso, e non coa persoa seleccionada.

O PSOE local reclamou maior participación dos grupos da oposición nos procesos de selección. Pola súa banda, o BNG melidense fixo fincapé na pouca xente que se presentou, “proba de que saben que presentarse pa certos postos aquí é perder o tempo”.

O PSOE reclama unha nova regulación dos postos de venda ambulantes

Redacción
Melide

O grupo municipal do PSOE de Melide reclama por parte do concello un reordenamento dos postos de venda ambulantes que se sitúan nalgunhas beirarrúas da vila os domingos. Segundo os socialistas, hai varios postos que se sitúan en beirarrúas e lugares que

impiden o paso de transeúntes, e que obrigan aos viandantes a ter que camiñar pola estrada. As zonas afectadas, segundo o PSOE melidense son ende o Banco Pastor ata o número 1 do Canton de San Roque e dende o cruce ata a entrada da Rúa San Pedro pola entrada da Ronda da Coruña. Nestas zonas algúns vendedores

ambulantes sitúan os seus postos ocupando toda a beirarrúa e impedindo o paso dos transeúntes.

Dende o PSOE de Melide propónse que os postos afectados se ubiquen nas beirarrúas Martín Freire, nos números impares, e na beirarrúa do Progreso nos números pares, zona interior dende o número dous en diante.

Un tercio dos gastos corresponden a investimentos reais O concello de Santiso aproba un orzamento de 1.083.084 euros para o exercicio 2006

Leiva reiterou a necesidade de que os investimentos repercutan no concello

Redacción
Santiso

O pleno da corporación de Santiso aprobou o pasado martes día 2 o orzamento do concello para o exercicio 2006, que ascende a 1.083.084 euros. A partida aprobouse cos votos favorables do grupo de goberno, mentras que os cinco edís da oposición emitiron o seu voto en contra.

Máis do 60% do orzamento dará conta dos gastos de persoal, dos gastos en bens correntes e servizos, dos gastos financeiros e de transferencias correntes. Os investimentos reais e as transferencias de capital coparán algo máis dun tercio do orzamento aprobado.

A partida destinada a gastos de persoal contará cuns recursos de 262.316 euros, o 24% do orzamento para este exercicio. No que se refire a gastos de bens correntes e servizos o investimento ascende a 347.596 euros, o que supón o 32% do total.

O concello de Santiso neste exercicio calcula



A oposición votou en contra do orzamento proposto polo grupo de goberno

destinar 387.667 euros a investimentos reais, o 35% do orzamento total.

Investimentos

Os investimentos, e a súa repercusión directa no municipio centraron unha das críticas do independente Ovidio Leiva aos orzamentos para o 2006. O edil reiterou a necesidade de que os investimentos do concello repercutan

dalgún xeito en Santiso. “A maior parte do investimento do noso concello acaba índose para empresas e xente de fóra do municipio, e debemos buscar o xeito de que eses cartos queden aquí”. Pola súa parte o rexedor popular, Ramón Villar, dixo que o que se estaba a facer era “adaptarse ás circunstancias” e optar pola mellor opción, fose ou non

dunha empresa de Santiso.

Biblioteca

O funcionamento da biblioteca centrou novamente unha das cuestións da oposición. Ante a pregunta de se funcionaba o servizo de préstamo a domicilio e consulta, o alcalde afirmou que sí, que só hai que pedir os libros e “alguén llos dará”.

O edil da AVS cualificou de “continuístas” as contas

As críticas dos grupos da oposición ao orzamento viñeron en parte polo capítulo adicado a gastos de persoal. Luís Campos, da Agrupación Veciñal de Santiso insistiu en que “é preciso reducir o capítulo de gastos porque senón non queda marxe para investimentos reais”. O edil independente reiterou que “aquí o 20% do presuposto lévano funcionarios e cargos políticos”.

Nos orzamentos recóllese unha partida de 38.079 euros para altos cargos, 69.152 destinados a pagar salarios de persoal funcionario, e 93.114 par persoal laboral. No apartado de dietas e indemnizacións pévense 12.000 euros, aos que se suman 3.200 en gastos de locomoción. O concelleiro de AVS insistiu na necesidade de que o concello merque un vehículo oficial así como unha furgoneta. Unha medida que o edil cré que resultaría máis saudable para as arcas municipais.

O concello consultará cos familiares dos ex alcaldes o lugar idóneo para a ubicación das pracas

No pleno de maio voltouse a falar sobre a concesión dunha rúa ou praza aos alcaldes do século XX en Santiso. Villar reiterou a intención do concello de adicar unha vía a cada un dos once rexedores que tivo o municipio o século pasado, así como de colocar a correspondente praca en cadansúa rúa.

A oposición, que xa no pleno anterior amosara o seu desacordo, reiterou a súa disconformidade coa idea. Luís Campos afir-

mou que “o traballo político non hai que enaltecelo como se está a facer nos últimos anos con homenaxes cadros e agora pracas”. O edil de AVS cualificou como “irreal” o renomemamento das vías, xa que “serían nomes artificiais que a xente non vai empregar”.

Ante o desacordo dos grupos da oposición o tenente de alcalde, Germán Río sentenciou que “pouco ou moito, algo esa xente fixo”, en referencia aos ex

rexedores do municipio.

Para a elección das correspondentes rúas e prazas o alcalde acordou consultar cos familiares dos antigos rexedores. “Xuntarémolos a todos e preguntarémolles ónde lles parece mellor colocar-lles a praca aos seus familiares”. O grupo de goberno pretende levar á vindeira sesión plenaria a relación de rúas e prazas que se adicarán a cada alcalde para que sexa aprobada de xeito definitivo.



Fotografías dos ex alcaldes de Santiso colgan das paredes do salón de plenos do concello

A Consellería constatou diversas deficiencias que se deberán subsanar Política Territorial non concede a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Toques

O Concello ten que solucionar os erros antes de remitir novamente o PXOM á Xunta

Redacción
Melide

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes non outorgou a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Toques. Segundo o departamento autonómico, o Plan do concello deberá “introducir no proxecto as modificacións precisas para subsanar as deficiencias” que a consellería atopou.

Segundo consta no informe remitido por Política Territorial ao concello, o plan remitido dende o municipio á consellería para a súa aprobación contén erros ou deficiencias tanto na documentación tramitada como no relativo a cuestións de solo rústico e urbano. Entre as incorreccións detectadas pola Xunta está a ubicación do chan industrial nunha zona non permitida, así como erros na planificación.

O Plan Xeral de Toques



O concello deberá reenviar á Xunta o plan, xa modificado

que se remitiu á Xunta para a súa aprobación non incluía copias dos obrigatorios anuncios de información pública, ao igual que non constaban as notificacións da recepción nos concellos limítrofes. Segundo a Xunta, non se solicitou o informe ambiental preciso, ao igual que tampouco consta que se solicitase un infor-

me ao que se refire un texto da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A Xunta detectou diversas referencias erradas ou desfasadas na memoria do Plan Xeral ás que se suman outras erradas ou innecesarias.

No apartado adicado a solo urbano Política Territorial detectou incongruencias na ordenación

do núcleo de O Souto-Pontequimada. Atendendo ás actuais características do núcleo, a ordenación prevista no plan resulta incongruente, e, polo tanto, a Consellería esixe que se modifique no PXOM e se faga acorde coas características das edificacións xa construídas.

Outras cuestións

Amáis das deficiencias referentes referidas aos solos rústicos e urbanos constatadas no PXOM, o informe da Consellería lémbraalle ao Concello que debe achegarse unha acreditación da viabilidade das previsións orzamentarias con cargo ao Concello. Deben especificarse ademais os prazos de caducidade das licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor do PXOM, así como outras incongruencias do Plan respecto da normativa vixente.

Ferro cualifica de “fracaso estrepitoso” o Plan, e lembra que haberá que reformalo por enteiro

O concelleiro da AIT, Manuel Ferro cualificou como “fracaso estrapitoso” o Plan Xeral remitido á Xunta polo concello, e que Política Territorial rexeitou aprobar. Na última sesión plenaria, celebrada o pasado día 2 de maio, Ferro preguntoulle ao alcalde Jesús Ares qué tiña que dicir logo de que o plan proposto polo grupo de goberno fose rexeitado. O edil quixo saber tamén cal fora a resposta que o Estudio Técnico lle dera ao goberno. Ferro insistiu en que agora haberá que reformar completamente o Plan Xeral á vista de que a situación urbanística do Concello. O concelleiro do grupo independente lembrou que as correccións que agora esixe a Xunta xa foran presentadas pola AIT na alegación xeral ao Plan.

O departamento autonómico detecta varios erros referidos ao solo rural

No apartado que o informe da Xunta de Galicia refire ao solo de núcleo rural, a Consellería constata varias deficiencias no plan redactado por Estudio Técnico para o concello de Toques.

As delimitacións dos núcleos de Donelle, O Porto Salgueiro, O Campo, Os Casarells, A Quintá e Castro de Lobos non se axustan ás condicións de consolidación mínima e distancia máxima establecidas por lei. Nos núcleos de O Verde e Pazos, incluídos dentro da Serra do Careón, non se atopa xus-

tificada nin a dimensión nin a forma das áreas de expansión previstas.

En varios núcleos do concello as áreas de expansión trazadas abranguen parcelas que non se poden clasificar como de solo de núcleo rural.

As áreas de expansión previstas para O Porto Salgueiro, Paradela e Portalar invaden as franxas que se deben clasificar como chan rústico de protección das augas, en contra da lexislación vixente, e que polo tanto deberán corrixirse.

Outra das deficiencias

que se deberán subsanar no Plan Xeral de Toques antes de volver a remitilo á Xunta é a determinación precisa dos trazados das redes de servizos urbanos de cada sector, incluíndo reforzos ou ampliacións dos sistemas que xa funcionan, e que non consta no actual informe.

Outra das cuestións que se deberán modificar é a relativa aos prazos para a aprobación dos plans parciais de desenvolvemento do chan urbanizable delimitado no concello, e que non están convintemente estipulados



Aparecen restos romanos en Vilamor

Trátase de restos dun xacemento romano que se atoparon cando se levaban a cabo obras de ensanche da estrada de Vilamor. A aparición dos restos, tella,

un anaco de cerámica, e o muro dunha estancia romana obrigou á paralización temporal das obras nese tramo, que xa se reanudaron.

No acto anunciouse que Inés Cagide encaberzará a lista local nas municipais Pepe Blanco e Ricardo Varela participan na inauguración da sede socialista de Santiso

O secretario de organización di que a autovía comezará a contratarse a finais de ano

Redacción
Santiso

Pepe Blanco, secretario de organización do PSOE, asistiu o pasado 28 de abril á inauguración oficial da sede socialista de Santiso. Ao acto asistiu Ricardo Varela, conselleiro de Traballo, así como unha nutrida representación das agrupacións socialistas veciñas.

Na súa intervención, Varela salientou a dificultade de sacar adiante pequenas “células” como as de Santiso, que sen embargo son a base da política e do partido. O conselleiro de Traballo recalcoulle aos veciños asistentes a necesidade de “darlle moita vida” á sede recién inaugurada.

Pola súa parte, o secretario de organización federal, Pepe Blanco, lembrou as súas orixes en Palas de Rei ao tempo que dicía que “lo que más me gusta es cuando los compañeros inauguran sedes”. Blanco aventurouse a afirmar que nas vindeiras eleccións municipais o PSOE sor-



Blanco, Varela e Cagide pronunciaron cadanseu discurso ante os veciños de Santiso

prenderá polos resultados que ten previsto colleitar, e, dirixíndose á portavoz local, Inés Cagide, dixolle “tú serás alcaldesa”.

O secretario de organización socialista non se esqueceu no seu discurso da autovía Santiago-Lugo, e adiantou que a vía de alta capacidade comezara-

se a contratar “a finales de este año o principios del próximo”. Non fixo referencias Blanco ao trazado, se ben afirmou que zonas como Arzúa, Melide e Palas non podían deixarse sen estradas de alta capacidade.

A outra intervención da tarde foi a de Inés Cagide.

A candidata á alcaldía nas vindeiras municipais lembrou que a sede é froito dun proceso que comezou hai sete anos, e resultado do traballo de moitos. Cagide insistiu en que “esta sede non é para nós, é para vós” e para todos os veciños e emigrantes do concello.

Os socialistas denuncian que só Santiso non pediu unha viaxe á Deputación

Redacción
Santiso

O PsdeG de Santiso ven de amosar o seu disgusto ao coñecer que o concello foi o único de toda a provincia da Coruña que non lle soicitou á Deputación participar no programa “Vivir Europa”. Esta iniciativa promovida polo organismo que preside Fernández Moreda consiste en ofrecer a nenos de entre 12 e 14 anos a posibilidade de viaxar a Roma durante catro días por tan so 85 euros. Esta iniciativa sí foi solicitada polos concellos de Melide, Toques e Sobrado.

A portavoz socialista formulou esta cuestión no último pleno de Santiso. O alcalde, Ramón Villar contesoulle que certamente non se solicitara a viaxe, pero que ao mellor outros concellos non solicitaban outras viaxes e actividades que sí se pedían dende o concello de Santiso para a xuventude.

Máis de 300 nenos da comarca beneficiaránse do servizo de acompañante escolar

Redacción
Melide

A mediados do mes de abril púxose en marcha o servizo de acompañamento de escolares nas liñas de autobuses que fan rutas a centros escolares de primaria. En total, 315 nenos dos catro concellos da Terra de Melide beneficiaránse deste servizo impulsado dende a Xunta de Galicia.

Segundo datos da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria, en Melide un total de nove rutas contan, ou contarán nos vindeiros días, coa figura do acompañante. Trátase dun servizo que pretende axudar aos nenos a subir e baixar dos autobuses con seguridade, así como manter a propia orde dentro dos autobuses. En Melide hai 11 rutas que precisan de acompañante, pero tan só os 134 nenos que transportan as nove rutas se beneficiarán polo de agora do servizo.

No concello de Santiso, segundo Educación, as seis rutas de transporte que operan precisan acompañante, se ben ate agora só funcionará en catro delas beneficiándose así 60 rapaces en idade escolar.

Os que sí contarán con acompañantes escolares en todas as súas rutas son os municipios de Toques e Sobrado. No caso de Toques, hai tres rutas escolares nas que implantar o servizo e que trans-



Luísa é unha das acompañantes da comarca

portan en total a 49 nenos. As catro rutas de transporte escolar de Sobrado

tamén contan co servizo do que se benefician un total de 72 nenos.

A cea de confraternidade será en días posteriores

ASETEM-CCA celebrará a súa assemblea anual o vindeiro 2 de xuño



A do dous de xuño será a assemblea anual para a que están convocados todos os socios

Redacción
Melide

Xa hai data para a assemblea que ano tras ano convoca aos socios de ASE-TEM-CCA para dar conta do balance do exercicio anterior, así como intercambiar opinións arredor do que deu de sí o último

ano. A data elixida nesta ocasión para a xuntanza é o 2 de xuño en convocatorias aínda por determinar.

Data da cea

A data para a cea de confraternidade que tradicionalmente se organiza para que asistan todos os inte-

grantes da Asociación de Empresarios e Comerciantes Terra de Melide- CCA aínda non está decidida. O que sí se sabe é que se celebrará despois da assemblea anual do 2 de xuño, e en datas próximas á mesma.



Comeza o curso de informática con 15 alumnos

Ven de rematar o curso de iniciación á informática promovido dende ASE-TEM-CCA. Un total de 15 alumnos participaron na actividade forma-

tiva que comezou a impartirse o 18 de abril nos locais que a Cooperativa Melisanto ten na rúa Codeseira.

O curso de iniciación á

informática tivo unha duración de 25 horas. Os alumnos entraron en contacto cos principios básicos do mundo da informática.

Convocatoria de axudas

1. O pasado 31 de marzo publicáronse no DOG as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego-ILE, ou iniciativas de emprego rural-IER. As axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e a convocatoria para a súa solicitude está aberta.

2. No DOG do 31 de marzo, da orde do 24 de marzo, establécense as bases reguladoras do fomento de emprego en cooperativas e sociedades laborais, que teñen a convocatoria aberta.

3. No DOG do 31 de

marzo publícase a orde do día 27 pola que se establecen as bases e se convocan os incentivos á contratación dirixidas a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

4. No DOG do 11 de abril está recollida a convocatoria para as axudas económicas destinadas a medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

5. No DOG do 17 de abril inclúese o contido do convenio co IGAPE e as entidades de crédito para o apoio financeiro ós investimentos das pemes pola liña ICO-PEME.



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)


MYH NOR
 MORTEROS Y HORMIGONES

CENTRAL:
 Fernando González nº 4 - 3º Dcha
 15004 A CORUÑA
 Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
 Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
 15008 A CORUÑA
 Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
 Ctra. Nacional VI, km. 555
 Aranga - A Coruña
 Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
 Pol. Industrial Madanela, parc. 30
 Melide - A Coruña
 Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCÓNTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

A firma leva xa sete anos asentada en Melide, e continúa a súa expansión

Cárdigan, unha resposta para tódolos gustos

Aínda que o punto continúa a ser a base das súas creacións, a tenda dispón todo tipo de prendas e tecidos

Redacción
Melide

Hai sete anos abriu as súas portas en Melide Cárdigan, unha liña de tendas independente do Grupo Montoto, pero intimamente vencellada á firma lalinense. A tenda de Cárdigan en Melide era a segunda dunha cadea que actualmente conta con catro establecementos. O primeiro abriuse en Vigo no 1997, o de Melide foi o segundo, e máis tarde puxéronse en marcha dous novos Cárdigan en Zamora e Vegadeo. Un crecemento sostido que ven reflectir os bos resultados das tendas.

Inicios

A posta en marcha de Cárdigan en Melide debeuse, según Míriam Montoto, unha das respon-



Os estantes de Cárdigan amosan as creacións das tres liñas de Montoto

sables da empresa lalinense á “excelente situación xeográfica” da localidade. Ben é certo que por aquel entón moitos veciños da comarca se desprazaban ata Lalín para mercar prendas de punto de Montoto. Unha demanda que Cárdigan veu satisfacer.

Dende os seus inicios o

comercio de Melide experimentou cambios. Ao principio a tenda contaba cunha soa planta destinada á venda. Actualmente xa son dous andares os que expoñen as prendas de home, muller e neno. Unha ampla variedade que basea parte do éxito da tenda. “Coas tres liñas de roupa: Montoto, Morgat e

Boxley, pode dirixirse a diferentes idades e segmentos tanto de home como de muller”, comenta Míriam Montoto. A este factor engádeselle ademais “a excelente relación diseño- calidade- prezo”.

Os bos resultados de Cárdigan Melide teñen plenamente satisfeitos aos responsables da firma.

Unha empresa con medio século de historia, e que exporta a todo o mundo

Cárdigan e Montoto están intimamente ligados. A empresa lalinense, fundada por Fidel Montoto, ten medio século de historia ás costas e un prometedor futuro por diante. Actualmente as tres marcas da casa, Montoto, Morgat e Boxley están presentes en máis de 5.000 tendas e boutiques especializadas, correspondendo o 20% a exportación a países como Francia, México, Emiratos Árabes, Canadá ou Xapón.

Montoto conta actualmente con 11 tendas propias das que 4 forman parte da liña Cárdigan. Hai pouco a empresa inaugurou unha nova instalación con 17.000 metros cadrados que se suman aos 8.500 da nave antiga. Neste momento trátase da planta de fabricación de xéneros de punto máis importante de España.

Montoto, Boxley e Morgat garanten creacións adaptadas aos gustos máis diversos

Os estantes de Cárdigan en Melide están repletos de deseños pensados para todas as idades e gustos. Prendas actuais e cun deseño moderno que se adapta aos distintos gustos grazas ás tres liñas coas que traballan na tenda. “En Cárdigan tratamos de vestir a todo o público, e para iso dispoñemos de deseño para todas as idades”, afirma Míriam Montoto, “contamos con tres liñas que son Montoto, dirixida a unha muller xoven, Morgat, centrada en home e muller máis clásicos, e Boxley, dirixido

a un público máis xuvenil”. Grazas a estes tres xeitos de entender a moda e o vestir, Cárdigan pode chegar a todo tipo de público.

Aínda que Cárdigan se centra primordialmente en prendas de punto, “acompañámolas de distintas prendas de confección como abrigos, camisas ou pantalóns de marcas que non son propias”, lembra Montoto. Un complemento que permite aos clientes de Cárdigan completar o seu roupeiro con só visitar o establecemento de Melide.

Tempada tras tempada os estantes de Cárdigan Melide renóvanse coas propostas máis actuais. Cores, tecidos e tendencias que se plasman nas creacións que a firma ofrece aos seus clientes.

Agora, en plena primavera, e co verán ás portas, Cárdigan échese de cor tanto para home como para muller. Os tecidos vólvense máis lixeiros e vivos pero gardando a esencia do punto de Montoto. Os complementos, tamén á venda en Cárdigan, convértense en máis visibles e cobran protagonismo.



O punto segue sendo o gran protagonista da tenda

No foro os participantes pediron máis apoio ao sector ASETEM-CCA participou nunha mesa redonda sobre comercio en Santiago

Redacción
Melide

O Grupo Correo Gallego organizou o pasado mes unha mesa redonda sobre a situación do comercio en Compostela e na comarca. Ao evento acudiron representantes do propio concello, o presidente da Cámara de Comercio, o presidente da Federación Galega de comercio así como os representantes dos distintos colectivos que agrupan ao sector, entre os que estaba ASE-TEM-CCA representado polo presidente do colectivo, José Antonio Rodríguez.

A actualidade marcada pola futurible apertura do centro comercial de As Cancelas copou todo o encendido debate. A maioría dos representantes do sector manifestaron o seu profundo malestar ante a posible apertura da super-



O foro do comercio celebrouse en Santiago

ficie comercial por entender que será como a acta de defunción do pequeno comercio. Sen embargo, dende o Concello de Santiago crése que a nova área podería converter Compostela na “capital de compras da euronrexión Galicia-Norte de Portugal”.

Entre as posibilidades que se verbalizaron no encontro estivo a necesidade de poñer en marcha un rexime de protección especial do comercio, similar aos que xa hai para agricultura e pesca, e que garantiría a supervivencia do maltreito pequeno comercio.



Impartíuse un novo curso de manipulador

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA organizou o pasado abril un novo curso de manipulador de alimentos. A esta convo-

catoria asistiron 17 alumnos que recibiron o documento que os acredita como coñecedores dos procesos precisos para poder traballar en ámbitos

vencellados coa manipulación de produtos alimenticios.

O próximo curso, para o que xa se pode inscribir, será o 3 de xullo.

O colectivo participa en campañas de defensa do pequeno comercio fronte a As Cancelas



José Antonio Rodríguez representou a ASETEM-CCA en varias xuntas sobre As Cancelas

Redacción
Melide

Ao longo das últimas semanas viñéronse intensificando as xuntanzas de colectivos e organismos nas que se aboradou a problemática á que se enfrontará o pequeno comercio se finalmente se abre a gran superficie comercial de As Cancelas. ASETEM-CCA estivo invitado en varias desas xuntanzas nas que participou expóndo a situación concreta do comercio melidense, e rexeitando a construción da nova área por entender que afectará negativamente aos comerciantes da Terra de Melide.

Unha das últimas xuntanzas nas que participou ASETEM-CCA foi o pasado luns día un. Un encontro ao que asistiron tamén representantes de Compostela

Monumental, Rede de Centros de Comercio Aberto, Acotes, Area Central, asociacións de comercio local da área de influencia de Santiago, así como representantes da CIGA e do SLG.

Todos os colectivos que participaron na xuntanza manifestáronse abertamente en contra da apertura do centro comercial nas Cancelas por entender que a instalación deste novo Carrefour provocará a destrución de moitos máis postos de traballo dos que vai crear. Logo de debater a problemática, os asistentes acordaron constituír unha Plataforma en Defensa da Economía de Santiago e Comarca; poñer en marcha unha campaña de información cidadá, así como pedir unha entrevista urxente co conselleiro titular do ramo.

Subvencións para a mellora de establecementos de turismo rural

O pasado 19 de abril publicábase no DOG a orde do 10 de abril pola que se convocan subvencións para a mellora de establecementos de

turismo rural. Trátase de subvencións a fondo perdido. O prazo para solicitar a subvención remata o vindeiro día 20 de abril.

Crónica| Festa da xuventude de Santiso Noite de música e baile para os mozos... e os non tan mozos

A primeira edición conseguiu xuntar na Ponte a un bo número de veciños do concello e da comarca

L.G.C.| Santiso

Santiso converteuse na noite do pasado 27 de abril na “capital comarcal da xuventude”. Algúns veciños, coa colaboración do Concello de Santiso, organizaron a primeira festa pensada para os máis mozos, e a iniciativa resutou todo un éxito. Mozos, e non tan mozos, do municipio e dos concellos veciños achegáronse ao patio do colexio de Arcediago para desfrutar coas actuacións de Los Satélites e o Grupo América. Unha festa en toda regra que serviu para dar o pistoletazo de

saída ás romerías e celebracións que nestas datas comezan a inundar a xeografía galega.

A noite respectou o evento e non foi precisa a instalación da carpa que, por se acaso, estaba anunciada. A iso das 22.00 pasadas deron comezo as actuacións. Los Satélites, cos seus traxes brancos imolutos, abriron a festa con mistura de temas actuais e algún que outro clásico. Música para bailar e desfrutar.

Despois chegou o turno para o Grupo América. Polas gorxas dos seus intérpretes pasaron cancións de Bono ou do mismísimo Boss, unha mistura de temas que a algún



As actuacións das dúas formacións sucedéronse ao longo da madrugada

que outro “non tan mozo” lle lembrou décadas pasadas.

Entre botellíns de cervesa, refrescos varios e intercambio de contos amparados ás luces do improvisado bar, foron pasado as horas e as actuacións. Na parte dianteira, os máis bailaríns deixában ir os seus pés ao ritmo dos

sons. Na parte traseira, os máis remolóns niso do baile, seguían intercambiando historias, ou no seu defecto, simplemente desfrutando coas actuacións en directo.

Aínda que a maioría dos presentes se conformaba con seguir o ritmo cun lixeiro movemento de pés, fóronse xuntando

pequenos grupos de xente que non podían resistir a tentación encarnada en ritmos como o clásico entre os clásicos, “Paquito el chocolatero”. Así, entre idas e voltas, chegou á súa fina a primeira festa da xuventude de Santiso. Xa queda menos para a próxima.

A Asociación Cultural Terra de Melide organizou unha charla sobre a guerrilla antifeixista

Redacción| Melide

O pasado 18 de Abrila Asociación Cultural Terra de Melide organizou unha conferencia-coloquio no edificio multiusos de Melide na que se abordou a cuestión da “Memoria histórica da guerrilla antifeixista, na Galiza e no Bierzo”, a cargo de Francisco Martínez López. A outra conferencia da xornada abordou a figura de Ramón Rodríguez Varela, “Curuxás”, e correu a cargo de Carlos Parrado Garea.

Javier Iglesias gaña o I Campionato de Pesca Terra de Melide, no que se anotaron 40 troiteiros

Redacción
Melide

O primeiro Campionato de Pesca Terra de Melide, celebrado o pasado 29 de abril, foi todo un éxito a nivel de participación. Un total de 40 troiteiros inscribíronse na proba aínda que finalmente só 15 poideron competir dado que só se contaba con ese número de permisos da Consellería de Medio Ambiente. Os 25 troiteiros que non poideron pescar ocupáronse das labores de xurado ao longo de toda a xornada, así como colaboraron nas tarefas de



Iglesias recibiu o trofeo das mans de Xabier Pazo

organización do evento.

O gañador do concurso foi Javier Iglesias, o segundo premio foi a parar

a mans de Iván Lugrís e o terceiro foi para Javier Vidal. Os trofeos entregados estaban valorados en

750 euros, e o material de pesca que se entregou tamén como premio en 900 euros.

Xabier Pazo, presidente da Asociación de Troiteiros Río Furelos cualificou como “todo un éxito de participación” o I Concurso de Pesca. Dada a boa acollida que tivo a iniciativa entre os afeccionados, Pazo asegurou que “están aseguradas futuras edicións”.

A Asociación de Troiteiros Río Furelos, organizadora do concurso, naceu hai menos dun ano e conta xa con 100 socios que participan activamente nas distintas iniciativas do colectivo.

A festa organizada polo grupo Castelo congregou a numerosos asistentes ao longo de todo o día

Melide sucumbiu aos sons da Foliada

Amáis das actuacións musicais, houbo xogos populares e varios stands

Lorena García Calvo
Melide

A segunda edición da Foliada de Melide xuntou no Pazo de Congresos da localidade a preto dun cento de músicos que fixeron as delicias do numeroso público que se achegou ata a localidade. Durante todo o día mantivéronse abertas as variadas casetas ubicadas no Pazo, nas que se podían conseguir dende produtos de comercio xusto ata instrumentos ou alfaias. Amáis das casetas de exposición, a Rede Galega do Xogo Popular e Tradicional levou ata o pavillón xogos como os zancos, o aro, o trompo ou a corda aos que nin nenos

nin maiores se poideron resistir.

Un dos actos que máis expectación causou entre os visitantes foi a exhibición duna maia tradicional cunha máquina de maíar do século XIX. Logo da exhibición organizouse no propio Pazo de Congresos un xantar popular que compartiron máis de 260 persoas.

A parte musical foi sen dúbida o prato forte do día. Xa dende a mañá fóronse sucedendo as actuacións de distintos grupos de gaitas e baile, como Azougue, de Betanzos, que animou o recinto de exposicións a mediodía.



Nove formacións encargáronse de amenizar o serán

Xa dende a mañá varios gaiterios percorreron as rúas da vila anunciando a foliada, pero a gran mar-

cha foi á tardiña. Arredor de cen músicos de distintas formacións fixeron un pasarrúas que rematou noa

Pazo de Congresos cunha interpretación coral que resultou un dos actos máis vistosos da xornada.

Nove formacións e varios grupos improvisados actuaron no serán

Xa á noite deu comezo o serán no que actuaron a agrupación folclórica Castelo, o grupo de gaitas Charamela, o grupo de gaitas Maristela, Pau de Buxo, a escola de gaitas e percusión Axóuxere, o grupo de gaitas Castro Curbín, Bico da Balouta, Os Melidaos e os gaiterios de Froito Novo. As nove actuacións sucedéronse ao longo da noite interpretando diversas pezas do repertorio popular. A estas actuacións sucedeunas unha queimada, con conxuro incluído, que serviu de colofón ás actuacións previstas pola organización.

Logo das actuacións dos grupos acordados, o escenario da Foliada quedou libre para que grupos e afeccionados chegados de puntos como Vigo,



Os xogos tradicionais chararon a atención dos asistentes

Coruña, Redondela, Lalín ou Monterroso interpretaran as súas pezas e continuaran a festa ata altas horas da madrugada.

Tralo remate da Foliada, os organizadores, o Grupo Castelo de Melide, valorou como

moi positiva esta edición, tanto polos participantes como polo público. Agora xa toca pensar en organizar a vindeira edición. Este era o segundo ano no que se organizaba o serán, e o primeiro con actividades ao longo do día.



A malla tradicional foi unha das actividades máis vistosas



Preto dun cento de músicos participaron no pasarrúas

Adicións

Vanessa Martínez Iglesias

Todos os plans de goberno autonómicos e nacionais teñen entre as súas liñas mestras complexos programas para a prevención e o tratamento de adicións. Fálase de ludopatía, de alcoholismo e, sobre todo, de drogodependencia, pero máis nun ton de condena e marxinación ca de mans tendidas. Pero como non hai mal que pase de largo, tampouco nos lugares pequenos, as adicións máis perigosas chegaron tamén a Galicia, e non son precisamente esas.

Somos un país atrasado -gústenos ou non-, cunha cultura en extinción e unha identidade demacrada e ambigua. Mais, así e todo, con nós conviven as adicións máis perigosas e narcotizantes de cantas existen. Non comprendemos xa un día a día sen televisión; convertémonos en adictos a unha pantalla pola que se nos venden soños creados sobre billetes de euro e que nos enmudecen sen dar chío, e dicindo a todo amén. Somos adictos ao consumismo, o que nos leva a escoller os centros comerciais para pasear un día calquera; o que nos empuxa a mercar unha e outra vez o que vemos na televisión -volta ao principio...- aínda que nunca o empreguemos; o que converte en necesario cousas que non serven para nada

pero que todo o mundo ten.

E como non hai dous sen tres, volvémonos adictos sen remedio ao ritmo das modas: modas na roupa, modas no falar, modas nas condutas e modas que, á fin, nos levan a todos ao mesmo sitio, unifórmanos e convértennos nun rabaño de seres vulnerables que nin capacidade de decisión ten.

Para levar todo isto un pouco mellor, as présas e os gastos, non pode faltar nunca unha aspirina, un espidifén ou un termalgín; a adición aos medicamentos supera todas as previsións. Os médicos son, en xeral, recetadores en serie, e a súa valía mídese segundo o grao de atino do medicamento co mal.

E logo habrá quen fale da necesidade de erradicar as drogas, as outras, as que consumen os "drogaditos", eses mozos que tan mala imaxe dan desta sociedade tan limpa, tan perfecta, tan ordenada e, que nunca van chegar a nada por marxinais.

Que goberno ofrece un plan de prevención para esoutras adicións? Onde están os que nos van liberar das compras capitalistas, do aparvamento da caixa tonta, das modas de facer sempre o mesmo, á mesma hora e nos mesmos sitios? Se cadra non convén...

Pasamentos

Xosé Domingos Fuciños Gómez

Don Manuel Taboada Roca faleceu en Madrid o pasado tres de marzo. O ilustre melidán finou aos 102 anos, irmán do historiador, xenealoxista e boticario don Antonio Taboada Roca.

Naceu Don Manuel en Melide o 20 de xaneiro de 1904, fillo do farmacéutico Don Xesús Taboada Madriñán e Dona Xesusa Roca Salgado. A súa ascendencia veu de Carbia e Bermés, en Lalín, Borraxeiros en Agolada e Sancibrao, en Melide.

Estudou en Santiago bacharalato e Dereito, sendo xuíz por oposición no ano 1928, e logo Maxistrado do Tribunal Supremo. Foi membro do Instituto de Xenealoxía e Heráldica "Salazar e Castro", do CSIC, e director da revista xurídica galega de 1950 a 1960.

Conde de Borraxeiros dende 1958, foi nomeado fillo predilecto de Melide en sesión plenaria municipal o 21 de xuño de 1965 (o único que hai no decurso da historia do Concello de Melide).

Ocupou numerosos cargos na administración de xustiza do Estado. Ten

numerosas obras en diversas materias: Dereito laboral e social, dereito mobiliario e diversos traballos sobre a vila e Terra de Melide, "Don Antonio de la Sierra", "Segade Bugueiro", "La Capilla del Carmen", "Las Neveras del Bocelo", etc...

Dona María Taboada Torreiro, viúva de Don Manuel Rodríguez Vázquez, e fundadora da Pulpeira de Melide.

Nada en Melide o 24 de xuño de 1906 (ía cumprir agora os 100 anos), no seu dunha familia de fondas raigames melidás, panadeiros. Primeiro exerce a venda ambulante de pan polas diversas feiras e mercados da Galiza, sobre todo na cidade de A Coruña nos anos corenta, ondo o pan que facían era moi aprezado.

Casa moi nova con Manuel Rodríguez Vázquez, "O Carballínés". de profesión arriero, que compraba viño no Ribeiro e vendíao na zona de Ordes, onde mareaba trigo que vendían as panadeiras de Ca. Dona María e Don Manuel tiveron sete fillos.

De tanto andar polas feiras vendendo pan e situarse á beria das pulpeiras, fíxase no bo facer das pulpeiras de Areos (barrio do Carballiño) berce e cátedra do "polbo á feira". Decidiuse probar co polbo á feira na feira grande de Melide, a carón da antiga capela de San Roque, para logo asentarse na rúa Principal de Melide, primeiro onde estivo o Bar Gustavo, e logo no número 33. Logía ás feiras co polbo e pan, ate que no ano 55 emigran para A Coruña, asentándose primeiro na rúa Gómez Zamalloa, e logo na rúa de Orzán. Dende a primeira edición da romaría de Santa Margarida de A Coruña, en 1947, ela sistiu co seu posto de polbo, que hoxe en día fillos e netos seguen.

A "Pulpeira de Melide" levou onome da súa vila non soio na cidade da Coruña, senón tamén na Feira Internacional do Campo, en Madrid, Xixón, etc...

Longa vida á tradición familiar da "Pulpeira de Melid", Descanse en paz.

O Melide de onte



TELLEIRA DE VILANOVA

(Furelos, 1955).

A imaxe data de principios do século XX

Arquivo Irmáns Fuciños Gómez

(Casa de Pita Melide)

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"

MEJORA TU VIDA
CONSULTA PREVIA CITA
TELF: 677 670 051

E-mail: angel.curtis@yahoo.com
www.angelcurtis.com



Xogando á roda no medio das campas de Bonaval

O evento celebrárase o día 20 de Maio en Culleredo

Un cento de estudantes melidaos participan no II Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais

Os escolares que acoden a este evento convocado por Brinquedia pertencen ao "Pastor Barral" e ao Instituto

Rede Galega do Xogo Tradicional Brinquedia

O sábado, 20 de maio, celébrase na instalacións que a Fundación Deporte Galego posúe en Acea da Ma, no Concello de Culleredo, o II Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais, un evento que reúne, por segundo ano consecutivo, a máis dun milleiro de estudantes procedentes de todo Galicia só para xogar aos xogos de sempre. A Terra de Melide vai estar representada no Encontro por un cento de rapaces e rapazas do Colexio "Pastor Barral" e do Instituto.

Na primavera pasada un grupo de profesionais do ensino procedentes de todo Galicia, coordinados por Brinquedia, Rede Galega do Xogo Tradicional, convocou o I Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais. O

Encontro celebrouse no Parque de Bonaval, en Santiago, e nel participaron uns 800 nenos e nenas de todo Galicia que, ao longo de toda unha xornada, puxeron en práctica unha importante batería de xogos tradicionais galegos. A xornada completouse con exhibicións de deportes tradicionais de adultos tales como a estornela (tamén chamada billarda), a chave ou os birlos (bólos).

Ao longo do período transcorrido desde o I Encontro, diferentes centros de Galicia que non enviaran representación a aquel evento manifestaron o seu desexo de participar en posteriores convocatorias. E foi por esta razón que Brinquedia, Rede Galega do Xogo Tradicional (unha entidade que agrupa a centros de ensino, asociacións, concellos, empresas e outros colectivos que gardan relación co patrimonio

lúdico) acordou realizar unha convocatoria aberta a todos os centros de ensino non universitario de Galicia que, despois de celebrárense dúas reunións preparatorias, deu como resultado a celebración da segunda edición do Encontro, que se espera que teña continuidade tamén en anos vindeiros.

Filosofía do encontro

A filosofía de partida que guiou a primeira convocatoria e que tamén inspira esta segunda edición, foi a de intentar contribuír á difusión do patrimonio lúdico galego (un dos máis ricos da Península) e a de procurar a inclusión do xogo tradicional no currículo escolar. En esencia, preténdese poñer en práctica con outros centros escolares galegos xogos tradicionais xa traballados anteriormente en cada centro escolar, e crear un espazo de relación interxeracional arredor do xogo.

MUNDO MISTERIOSO

Efecto Kirlian

Ángel Curtis

Este sorprendente descubrimento foi feito por un inventor electricista, que se definiu a sí mesmo como autodidacta. Este inventor chamábase Semyon Kirlian, e no ano 1939 creou unha máquina capaz de fotografar o aura das persoas. Aquilo que os dotados viñan dicindo dende había centos de anos, de que as persoas tiñamos o corpo rodeado dun aura invisible, por fin podía demostrarse.

Anos máis tarde, a coñecida psicóloga Thelma Moss conseguiu crear a mesma máquina ca Kirlian reproducindo os efectos dos que se tiñan noticias que conseguiran os soviéticos. A nova enerxía descoñecida podía ser fotografiada, obxectos vivos e inanimados producían un destello que xamais se tiña experimentado.

¿QUÉ é en realidade o que nos amosan as fotografías Kirlian? ¿De onde procede esa enerxía? Algúns físicos opinan que este tipo de enerxía pode deberse a correntes de desprazamento que afectan ás emulsións fotográficas. Outros en cambio din que eses efectos son probablemente producidos pola humidade presente no corpo das persoas fotografiadas. O certo é que o fenómeno está aí, e ben podería ser o que algúns chaman alma, outros corpo astral, espírito, etc... naturalmente cada un dependendo das súas crenzas relixiosas, filosóficas, culturais, etc.

Podería ser o que o detecta a máquina Kirlian sea algo semellante ao que algúns místicos relixiosos decían ver encima da cabeza dalgúns santos, é dicir, esa luz en forma de coroa. Tamén os Lamas tibetanos fan referencia ao que eles chaman "corpo astral", e os espiritistas "corpo etérico", de momento os experimentadores deste efecto Kirlian, poida aplicarse para detectar enfermidades, antes de que estas afecten ao noso organismo non parece unha utopía. O mesmo que se comeza a demostrar según os kirologos que se pode aplicar para fins psicolóxicos, xa que a máquina detecta como o ser humano desprende distintos tonos de luz, dependendo do estado anímico no que se atope, varias persoas foron sometidas a estas probas con este fin. Do que non parece haber dúbida é de que a cámara capta o aura por medio dunha película ultrarrápida e que a enerxía biolóxica resposta a unha experiencia emocional, unha enerxía inmortal posiblemente universal.

¿Poderá demostrarse co tempo a inmortalidade, eso que tantas civilizacións e culturas buscaron tan afanosamente? Pode ser que esa enerxía resulte un importante descubrimento e achegarnos máis ao que nos nosos días segue sendo unha utopía. A investigación e o tempo iránno desvelando.

Se queres enviar a túa colaboración a Cerne, chama ao

981.506.188

Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS		
UrxenciasSanitarias.....061		
Bombeiros.....080	Consevatorio	
Incencios Forestais.....085		981507100
	Polideportivo	
		981507752
ORDE PÚBLICA		
Policía Municipal		
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade	981505706
Melide.....981505003	Parada de Taxis	
Policía Nacional091		981505390
Garda Civil		
Urxencias.....062	Albergue Xuvenil	981507412
Melide.....981505007	Albergue do Peregrino	660396822
S.O.S		
S.O.S Galicia.....112	Centro Ocupacional	981505003
Protec.Civil.....670498848	A.S.E.T.E.M	981506188
TRANSPORTES		
Renfe		
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide	981507244
A Coruña	I.E.S. de Melide	981505162
Santiago		
Autobuses		
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº1.....981505238	
Santiago.....981542416	C.E.I.P nº2.....981505929	
Melide.....981505204	Gardería.....981505003	
Aeroportos	U.A.F. de Melide	981 507742
A Coruña.....981187200		
Santiago.....981547500	SANTISO	
Vigo.....986268200		
	Casa do Concello	981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓN		
Atención ao cidadán	Centro de Saúde	
981120012	Agrochao.....981517803	
Valedor do pobo	Visantoña.....981510749	
981571900	Xulgado de Paz	981 818501
Economía facenda		
981545151	SOBRADO	
Industria e Comercio		
981544341	Casa do Concello	981787508
Sevizo Galego Colocación	Desenvolvemento local	981787508
981125000		
Teléfono da Muller	Centro de Saúde	981787744
900400273		
Teléfono do Menor	Mosteiro de Sobrado	981787509
900444222		
Dirección Xeral de Tráfico	Xulgado de Paz	981787508
900125505		
Correos.....902197197		
Auga.....981242322	TOQUES	
Electricidade.....981147200		
Gas.....900760760	Casa do Concello	981505826
MELIDE	Centro de Saúde	981507301
Casa do Concello	Xulgado de Paz	981505826
981505003		
Centro de Saúde		
981506176		
Servizos Sociais		
981505012		

MELIDE - A CORUÑA	6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
De luns a venres:	
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	
Sábados:	Sábados:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e Festivos:	Domingos e festivos:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
Parada fronte á Cafetería Marta A CORUÑA - MELIDE	Parada fronte á Pizzería Xoldra
De luns a Venres:	
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	MELIDE - LUGO
Sábado:	De luns a venres:
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Domingos e Festivos:	Sábados:
8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
MELIDE - FERROL	Domingos e festivos:
De luns a venres:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
Non hai liña	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
Sábados:	
19.15	
Domingos e Festivos:	
19.15	
Parada fronte á Cafetería Marta FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
De luns a venres:	Luns a venres laborables:
Non hai liña	Saída de Fondevila: 10.20
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
10.30	Domingos excepto último de mes:
Domingos e festivos:	Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
17.00	Saída de Melide: 13.00
MELIDE - OURENSE	Último domingo de mes:
De luns a venres:	Saída de Fondevila: 7.45
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Sábados:	
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	
Domingos e festivos:	
9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
Parada fronte á Cafetería Marta OURENSE - MELIDE	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
De luns a venres:	Martes e venres lab-orables:
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Folladela: 8.30
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15	Domingos excepto último de mes:
Domingos e Festivos:	Saída de Folladela: 8.40
9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	Saída de Melide 13.00
	Último domingo de mes:
	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO	
De luns a venres:	

MAIO
-Venres 12: Nueva República Sonora, un grupo malagueño, actúa no Pub Gatos.
Sábado 13 de maio: Cea de Cáritas no Hotel Carlos 96.
-Mércores 17 de maio: Día das Letras Galegas. Organízanse diversos actos culturais nos concellos da comarca.
-Venres 19: Desorden, grupo asturiano cun son próximo ao punk-rock actúa no Pub Gatos de Melide.

Sonia Valiño, de Maderas Candela

“Para que empresas como esta saian adiante tes que ser moi constante e cumprir ben coa xente”

Maderas candela comezou a súa andaina hai sete anos en Melide. Sonia Valiño, a alma da empresa, comezou no negocio case por tradición familiar, pero case sen contar. Foi unha desas mulleres que se dediciu a dar o paso cara o autoemprego cando non viu excesivas posi-

bilidades para ela na vila. Lonxe de convencionalismos primitivos, Sonia cré que o seu traballo é perfectamente válido para unha mulle, e, ao igual ca moitas outras, Sonia compaxina o seu traballo de carpinteira con tarefas do fogar

L.G.C.
Melide


Hai sete anos que Sonia Valiño deu o paso e puxo en marcha o su propio negocio: un almacén de madeiras no que corta taboleiros a medida, fai mobles e todo tipo de carpintería. Ela, como outras moitas mulleres que optan por autoempregarse e poñer en marcha un negocio propio, fíxoo sen previo aviso. Comezou nunha nave de 100 metros cadrados a carón do centro de Melide, pero as necesidades de espazo obrigáronlle a buscar unha maior, de case 300 metros nas que desenvolve o seu traballo.

-¿Por qué dediciches dar o paso e montar o negocio?

-Meu pai é carpinteiro de toda a vida. Eu empecei a traballar con el durante dous anos, e cando él se xubilou eu decidín montar o almacén e meterme no negocio. Como tampouco hai moitas opcións en Melide, pois decidínme. Ademais, así agora conto coa vantaxe de que moitos clientes de meu pai veñen xunto a min.

-¿É difícil isto de traballar nun sector que normalmente está reservado a homes?

-Non. Eu penso que é poñerse. As mulleres pensan moitas veces que por ser tradicionalmente un traballo de homes, que elas non o dan feito. Está claro que a min hai algunhas cousas que me costan traballo, pero non ten problema ningún. É poñerse, igual



Sonia puxo en marcha Maderas Kandela hai xa sete anos

que as mulleres que son albanéis. Se non hai outra cousa, adáptasete tí ao teu traballo.

-¿Á hora de tratar cos clientes, hai algunha dificultade?

-Non. De feito, hai moita xente que se ven aquí e non estou eu marchan por-

que que-
ren que
lles corte
eu os tabo-
leiros. Eu
son rápida

e controlo do corte, e entón hai xente que marcha e volta cando eu estou. Sempre hai algún caso no que che aparece algún machista, pero poucos.

-¿Cómo foron os primeiros pasos de Maderas

Candela?

-Ao principio empecei eu soa. Axudábame tamén o meu marido, pero agora xa estamos case sempre catro traballadores. Collemos dúas persoas, co gasto que elo conleva, pero é que fai falla. Moitas veces necesito que me boten unha man para coller moitos taboleiros, e neses momentos sí necesito axuda.

-¿Para quen está pensado o negocio? ¿traballas para particulares, empresas?

-Para particulares e tamén para JimSport, a quen lle fago todo o equipamento deportivo, espaldeiras, bancos...

-¿Diversificar o tipo de clientela forma parte do

sustento do negocio?

-Sí. Se traballas con empresas coma min, todos os meses tes uns ingresos máis ou menos fixos. Se só traballas con particulares

non tes uns ingresos constantes, aínda que eu afortunadamente teño traballo. Pero, tanto podes ter moito traballo un mes, e pouco o seguinte. Ademais, á hora de pagar, as empresas boas sabes que non tes problemas. En moitos casos, cos particulares podes ter algún problemiña máis.

-¿Cómo está o mercado en Melide? ¿Hai suficiente demanda no teu

sector?

-Eu por exemplo teño clientes de Arzúa, Palas, Sobrado. Veñen de Agolada... Con Melide só sería difícil saír para diante. Os almacéns grandes, como o que hai en Lugo, sácanche moita venta. O particular vai moito a mercar aí. A min por exemplo tamén me venden e eu o prezo teño que adaptalo para gañarlle algo. Non podes competir con iso. A xente mira de aforrar, pero tamén hai que darse conta de que aquí por exemplo teñen o servizo todos os días e alí teñen que ir a propósito.

-¿Qué hai que facer entón para que empresas como esta saian para diante?

-Bueno, eu aínda só levo sete anos, e aínda ando buscándolle o fruto a isto. Costa tirar para diante, porque tes que investir en maquinaria, tes que ter os materiais, aínda que eu en estocaxe non teño porque

me traen material varias veces á semana. Para que empresas como esta saian adiante tes que ser moi cons-

tante no traballo e cumprir ben coa xente para que che saia todo ben. A clave está en cumprir coa xente e facer ben o teu traballo.

-¿Cómo levas o de compaxinar o traballo na empresa co da casa?

-É moi duro. É moito traballo. Levas o de aquí e despois tamén o da casa. Non teño tempo para nada porque isto require constancia e entrega.

“É duro levar o negocio de aquí e compaxinalo coas labores da casa”

“Cando non hai outra cousa, tí tes que adaptarte ao traballo”

Editorial	P2	Lecer e cultura	P14
Opinión	P3	Colaboracións	P16
Melide	P4	Axenda	P18
Comarcas	P8	A entrevista do mes	P19
Empresa e comercio	P11		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.). Nº14. 1 de maio -1 de xuño de 2006.
Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com



SOC. COOP. GALEGA
MELISANTO

Tfnos.: 981 50 60 26

981 50 61 78

Fax: 981 50 61 00

Apdo. 28

Agüeiros - Furelos

MELIDE (A Coruña)

e-mail: melisanto@corevia.com



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]

